

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, AS DEPUTACIÓN PROVINCIAIS DE A CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DE A E-ADMINISTRACIÓN EN GALICIA

En Santiago de Compostela, a 28 de setembro de 2009

COMPARECEN

Dunha banda, en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia o Señor D. Alberto Núñez Feijoo, Presidente da Xunta de Galicia,

E de outra, en representación das entidades que integran a administración local de Galicia, o Señor Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias e os Señores Presidentes das Deputacións Provinciais de Galicia,

Sr. D. Carlos Antonio Fernández Castro, Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias.

Sr. D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación Provincial de A Coruña.

Sr. D. José Ramón Gómez Besteiro, Presidente da Deputación Provincial de Lugo.

Sr. D. José Luis Baltar Pumar, Presidente da Deputación Provincial de Ourense.

Sr. D. Rafael Louzán Abal, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra.

Interveñen todos eles neste acto por conta e en representación das súas respectivas entidades, circunstancias que acreditan e se recoñecen reciprocamente, exercendo os seus cargos e responsabilidades con xeral coñecemento e sen restrición ou limitación patentes, polo que en interese de cada unha das entidades mandantes,

EXPOÑEN

I.- Que a Xunta de Galicia está a desenvolver o modelo xeral de e-goberno na Comunidade Autónoma de Galicia, como marco das iniciativas de modernización das administracións públicas en calquera das súas áreas. Neste marco son de resaltar as iniciativas

de administración electrónica que supoñan o establecemento dun novo modelo de relación entre a administración, e a cidadanía e as empresas.

II.- Que o modelo de e-goberno e o desenvolvemento da administración electrónica ten que dar resposta ós requirimentos establecidos polos plans de actuación e marcos normativos europeos, estatais e autonómicos deste ámbito, entre outros: Plan Europeo de Actuación i2010, Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ós Servizos Públicos, Lei 56/2007 de medidas de Impulso a Sociedade da Información, o marco normativo que desenvolva a transposición da Directiva Europea de Servizos, Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, ordes de desenvolvemento da factura electrónica.

III.- Que a implantación da administración electrónica é un longo camiño, no que as administracións necesitan ter unha visión global, ao tempo que detallada, dos pasos a seguir para levala a cabo.

IV.- Que é obrigación das Administracións Pública que o nivel de servizo chegue por igual a tódolos cidadáns.

V.- Que a administración autonómica e as administracións locais de Galicia están a acometer importantes investimentos co obxectivo común de garantir ós cidadáns o acceso electrónico ós servizos.

VI.- Que para a implantación dunha auténtica administración electrónica vai ser precisa a coordinación dos procedementos, plataformas e redes de comunicacións xestionadas polas administracións locais, autonómica e central, de xeito que se posibilite a interactuación entre todos eles para simplificar ó acceso a administración electrónica, tanto dos funcionarios públicos como dos cidadáns e empresas.

VII.- Que por todo o exposto, faise necesario establecer un marco de colaboración permanente que permita a coordinación das actuacións que se van a levar a cabo no territorio da Comunidade Autónoma para a implantación dos servizos de administración electrónica. O obxectivo é presentar un modelo único fronte ó cidadán, aliñando os distintos proxectos que se están a desenvolver

e racionalizando os investimentos, polo que os intervinientes acordan para as súas respectivas entidades mandantes, formalizalo seguinte Protocolo de Colaboración, que levan a cabo de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA.- As entidades asinantes comprométense á planificación conxunta e á coordinación dos investimentos e as actuacións que están a desenvolver para a implantación da administración electrónica en Galicia.

SEGUNDA.- Co obxectivo de facilitar o obxectivo de planificación conxunta e coordinación de investimentos e actuacións, as entidades asinantes comprométense a intercambiarse toda a información precisa no que atinxe ós proxectos de administración electrónica en execución ou en fase de proxecto.

TERCEIRA.- Como instrumento permanente de coordinación e colaboración interadministrativa constitúese a Comisión de Dirección da administración electrónica de Galicia.

A devandita Comisión estará presidida polo Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Serán membros da Comisión de Dirección do Proxecto de e-administración en Galicia:

A Secretaria Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia.

O Director Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O Director Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A Secretaria Xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda.

O Director Xeral da Función Pública da Consellería de Facenda.

Os Presidentes das Deputacións Provinciais de Galicia ou persoas nas que deleguen.

Catro representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias.

A Secretaría da Comisión será desempeñada por un funcionario designado pola Secretaria Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia.

Cando a temática dos asuntos a tratar o aconselle, poderán asistir ás sesións que celebre a Comisión, con voz e sen voto, técnicos independentes ou vinculados a calquera das administracións asinantes do presente protocolo.

CUARTA.- Serán funcións de esta Comisión as seguintes: a definición da estratexia de administración electrónica, a aprobación dos plans de actuación en materia de administración electrónica e o seguimento do progreso dos mesmos. Será tamén función desta Comisión de Dirección ó coñecemento e información de todas as iniciativas de convenios ou acordos de colaboración que se establezan no ámbito das administracións públicas de Galicia.

QUINTA.- Baixo a dirección da devandita Comisión de Dirección se creará unha Subcomisión Técnica que coordinará as actuacións en materia de tecnoloxías da información e das comunicacións precisas para garantir o desenvolvemento e funcionamento da administración electrónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e establecerá os mecanismos necesarios de interoperabilidade, seguridade e identidade dixital.

SEXTA.- A Comisión de Dirección creará as Subcomisións Funcionais que considere necesarias para o cumprimento dos obxectivos do protocolo.

Estas Subcomisións Funcionais, baixo a supervisión da Comisión de Dirección, adoptarán as medidas precisas para o desenvolvemento da administración electrónica no ámbito de actuación que lle sexa encomendado.

SÉTIMA.- As devanditas Subcomisións elevarán o resultado dos seus traballos a Comisión de Dirección que tomará as decisións que se consideren oportunas.

OITAVA.- A Comisión de Dirección da Administración Electrónica en Galicia poderá aprobar o seu propio regulamento de organización e funcionamento no que se determinará o seu réxime de sesións.

Manifestando os intervinientes o mutuo e individualizado proveito do acordado para cada un das entidades representadas outorgan a súa plena libre e irrestricta conformidade a todas e cada unha das estipulacións que se transcriben, dentro do espírito recollido na previa parte expositiva, polo que en proba da súa conformidade asinan por sextuplicado exemplar o presente instrumento que documenta o Protocolo de Colaboración interesado, concluído nun acto único no lugar e data que figuran na súa cabeceira.

Pola Xunta de Galicia

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias

Pola Deputación de A Coruña

Pola Deputación de Lugo

Pola Deputación de Ourense

Pola Deputación de Pontevedra